



ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL PARA A COORDINACIÓN DE ACTUACIÓNS PÚBLICAS CON INCIDENCIA NO SECTOR TURÍSTICO PROMOVIDAS NO TERRITORIO DE GALICIA, NO MARCO DO PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL DE GALICIA (PDR) 2014-2020

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader)

DECLARA:

1. Que Agader formalizou coa Axencia de Turismo de Galicia (Aturga) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2017.
2. Que o instrumento convencional ten por obxecto:
Establecer as condicións polas que se rexe a colaboración entre Aturga e Agader respecto das actuacións públicas sobre servizos e actividades turísticas que se poidan realizar no marco do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia (PDR) 2014-2020.
3. Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.
4. Que o instrumento convencional asinado fundaméntase no seguinte:
Aturga configúrase como o órgano da administración da Comunidade Autónoma de Galicia ao que corresponden, entre outras, as competencias en materia de promoción e ordenación do turismo dentro da comunidade. Por outra parte, Agader configúrase como o instrumento básico de actuación da Xunta de Galicia no fomento o coordinación do desenvolvemento do territorio rural galego.
No marco do PDR de Galicia, que constitúe o instrumento de programación da política de desenvolvemento rural na Comunidade Autónoma, Agader é xestor das medidas 6.4 (subvencións e investimentos en actividades non agrícolas) e 19 (Leader) e Aturga





é xestora da medida 7.5 (subvencións a investimentos para a accesibilidade e a sinalización de recursos turísticos no medio rural) así como da medida 16.3 (subvencións a investimentos de cooperación para o desenvolvemento do turismo).

O sector turístico constitúe un elemento dinamizador clave no proceso de desenvolvemento do territorio rural galego que crea novas posibilidades de emprego e aumenta a atracción global do medio rural.

No anterior período de programación dos fondos europeos (2007-2013) a coordinación e complementariedade de actuacións entre Agader e o departamento da Xunta de Galicia competente en materia turística fíxose a través da figura dos convenios de colaboración. Seguindo con este espírito de colaboración e co fin de rendibilizar os investimentos públicos que se acometan para potenciar o sector do turismo no territorio rural galego cómpre coordinar e complementar as competencias, capacidades e esforzos técnicos, económicos e financeiros tanto de Agader como da Aturga.

5. Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asina esta memoria.

O director xeral de Agader

(asinado dixitalmente)

Miguel Ángel Pérez Dubois

